



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfn: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

Asunto MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

Contrato Arrendamento: CONTRATO DE ARRENDAMENTO DE PARCELA PARA APARCAMENTO MUNICIPAL EN A FONSGRADA

Procedemento de adxudicación

Don Argelio Fernández Queipo, Alcalde do Concello de A Fonsagrada, en relación co expediente de contratación referido, e aos efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e deixar constancia na documentación preparatoria do expediente antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa execución, emito a seguinte:

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

Total orzamento base de licitación: 3.000,00 € I.V.E. excluído.

Xustificación do contrato:

- No período estival e durante a celebración das festas patronais, motivado polo aumento da poboación en tránsito, faise necesaria unha actuación de reorganización do tráfico rodado de vehículos, e en particular das zonas de estacionamento, moi escasas xa de por si no casco urbano.
- No período invernal, especialmente na época das grandes nevaradas, ao despexar a vía coa pa quitaneves, a acumulación de neve na calzada imposibilita o aparcamento dos vehículos no casco urbano.
- O Concello de A Fonsagrada non dispón de medios dentro do seu patrimonio para facilitar unha solución eficaz ás necesidades expostas.

Polo exposto, **XUSTIFÍCASE A NECESIDADEE IDONEIDADE DA CONTRATACIÓN DE ARRENDAMENTO DUNHA PARCELA OU CONXUNTO DE PARCELAS LINDEIRAS PARA APARCAMENTO NO CONCELLO DE A FONSGRADA.**

Á vista das necesidades expostas, as características que deberá ter a finca a arrendar serán as seguintes:

- Deberá estar situada en solo urbano, a unha distancia máxima de 100 m medidos dende o perímetro do edificio da casa consistorial, sita na Praza do Concello, s/n, de A Fonsagrada, na provincia de Lugo.
- Deberá ter saída, polo menos, a dúas rúas.
- O terreo, ou conxunto de terreos lindeiros entre si, deberá ter unhas dimensións de entre 500 e 700 metros cadrados.
- O uso o que se vai destinar será o de aparcamento, servizos ou usos dotacionais.

O alcalde



CONCELLO DE
A FONSGRADA
(Lugo)

Praza do Concello, s/n
27100, A Fonsagrada
Tlfo: 982 34 00 00
Fax: 982 34 00 01

Argelio Fernández Queipo.

Documento asinado dixitalmente á marxe.